



**Actividades**

**rodeira**



# Actividades

1. Completa a ficha bibliográfica do libro.

Título:
Autor/a:
Editorial:
Colección:
Ano de edición:
Lugar de edición:
ISBN:
Número de páxinas:

2. Para coñecer un pouco máis a autora do libro, busca información sobre ela e fai un breve resumo da súa biografía.




3. Consulta na web oficial de Care Santos (<http://www.caresantos.com/PrensaCast.htm>) algunha das entrevistas que lle fixeron na prensa e realiza unha listaxe das ideas principais que definen esta autora.

4. Despois de ler o libro:

\* Por que cres que a autora titula o libro co nome de Ben? Xustifica a túa resposta.

- \* Pensa un novo título para o libro.
- \* Realiza unha fotografía como outra posible portada para este libro. Péga aquí e xustifica a túa elección.



5. Baseándote na novela, marca cales destas afirmacións son verdadeiras.

- No seu antigo colexio, Ben agrediu a profesora de Ciencias Sociais.
- Ben é un bo xogador de xadrez.
- Anselmo casou con María, nai de Ben.
- A Ben gústalle estudar.
- Ben practica o boxeo con Kevin.
- Anselmo casou con Carme, nai de Ben.
- Ben practica o boxeo con Marcelo.
- A Ben gústalle ler.
- Ben é un bo xogador de póker.
- No seu antigo colexio, Ben agrediu o profesor de Educación Física.

6. No capítulo titulado «Kun» aparece a frase: «Por algunha razón que el nunca comprendeu, hai xente que pensa que os chineses son obedientes ou mafiosos ou comen os seus parentes no canto de enterralos» (páx. 27).

\* En grupos de 4-5 alumnos comentade:

- Que opinades desta afirmación?

- Como credes que nos condicionan os prexuizos na nosa relación cos demais?

- Sentístesvos algunha vez «víctimas» dalgún prexuízo? Cal?

- Elaborade unha definición da palabra prexuízo.
- Comparádea coa definición que aparece no dicionario.
- Realizade unha posta en común dos distintos puntos comentados co resto da clase.

**7.** No libro faise referencia á afección de Nicolao Medina polos sudokus. Propoñémosche que solucións este:

	7			9			5	2
3		9		8				
			7		9	4		
	5			3		9		
		8	6	5			3	7
	8	2				5	7	
	4			2		6		8
6			1			3		4

**8.** Ben sempre leva no peto o seu amuleto da sorte, unha carta de póker, o ás de trevo.

\* Ti cres nesas cousas?

\* Tes algún amuleto ou obxecto que creas que che trae sorte? Cal?

\* Tiveches algunha experiencia que o confirme?

**9.** No libro faise referencia á afección de Ben polo boxeo, o fútbol e o deporte en xeral.

\* Que beneficios cres que achega a práctica do deporte a curto, medio e longo prazo?



\* Practicas exercicio físico de forma regular? Como? Que beneficio cres que che achega este deporte?

\* En grupos de 4-5 alumnos, propoñémosvos montar unha táboa de exercicios para practicar cos demais compañeiros da clase. Teredes que buscar unha música adecuada e non exceder os 15 minutos de duración.

**lo.** Nun momento da novela, facendo referencia á violación de María, aparece a afirmación: «Seguro que ti o provocaches e que tes a culpa».

\* Reflexiona e dá a túa opinión sobre esta afirmación.

\* Como cres que pode sentirse María oíndo a afirmación de seus pais? Como te sentirías ti no seu lugar?

\* Cres que esta afirmación non ten cabida na sociedade actual ou, polo contrario, continúa vixente?

\* Poñede en común, co resto dos compañeiros, as vosas reflexións.

**II.** Na novela, Ben quere ter un móbil e tenta a mellor maneira de conseguilo.

\* Imos supoñer que decide compralo en época de rebaixas. Compra un móbil, que custaba 374 €, por 299,20 €. Que porcentaxe de desconto se aplicou sobre o prezo inicial?

- \* Ben pagou 120 € por uns auriculares para escoitar música que estaban rebaixados un 15 %. Canto custaban antes das rebaixas?

**12.** No capítulo «Neno de papá», Kevin cóntalle a Ben que está vivindo de okupa nunha nave industrial abandonada e proponlle que vaia vivir con el.

- \* En grupos de 3-4 alumnos, debatede as seguintes cuestións:
  - Sabedes se no voso barrio hai algunha casa destas características?
  - Que actividades se dan nestes espazos?
  - Cales credes que son as vantaxes e os inconvenientes desta forma de vida?
  - Credes que o Concello debería tomar medidas sobre iso? Cales?

- \* De maneira individual, busca algunha noticia nun xornal que faga referencia a algún espazo ocupado por mozos da túa localidade e péga aquí.



- Fai un breve resumo da noticia.

**13.** Busca na sopa de letras o nome de dez personaxes do libro. Deseguido, escribe unha frase sobre cada un deles na que expreses a túa opinión sobre el ou ela.

M	A	N	D	K	N	G	U	C	L	N	A
E	A	D	F	U	N	U	A	M	Z	I	K
S	U	R	G	N	M	R	E	V	A	J	K
O	I	E	C	C	M	G	O	M	B	R	E
L	O	R	J	E	P	R	A	X	D	H	V
M	M	V	R	V	L	T	R	N	R	G	I
A	L	E	R	D	U	O	S	E	T	V	N
R	E	S	L	B	I	E	X	B	D	C	S
T	S	A	Z	M	S	K	T	E	L	A	X
F	N	J	E	S	O	U	H	A	N	E	T
M	A	R	I	A	N	T	E	Y	G	A	O

\* Frases

- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
-

**14.** Na novela dise que o pai de Ben morreu nun accidente de moto porque bebera. Como xa sabedes, na nosa sociedade o tabaco e o alcohol son unhas das substancias que crean máis adicción.

- \* Propoñémosvos que, en grupos de 4-5 alumnos, elaborades un mural que anime a reflexionar os vosos compañeiros sobre as consecuencias do consumo de alcohol. (Podedes buscar información previamente en distintas fontes).

Utilizade diferentes técnicas para que o resultado sexa atractivo e capte a atención da clase.

- \* Pendurade na aula os murais elaborados polos distintos grupos.

**15.** No capítulo titulado «Perdón» nárrese a agresión de Ben ao profesor de Educación Física. En ningún momento Ben di cal é o motivo da agresión, pero ao longo do capítulo vaise intuindo que a causa é unha agresión sexual por parte do profesor.

- \* Cres que Ben actúa ben calando o sucedido?

- \* Como cres que debe sentirse para non querer dar explicacións diso?



\* Que farías ti no lugar de Ben?

\* Atopácheste algunha vez nunha situación parecida? Cal?

• Realizade unha posta en común destes puntos co resto dos compañeiros e reflexionade sobre iso.

**16.** No capítulo titulado «Bocadillo», cóntannos como Ben se preocupa por Éric e convídao, con frecuencia a xeados, bocadillos, bolsas de nachos, de patacas, de pebidas de xirasol...

\* Cres que este tipo de alimentación se pode considerar saudable? Xustifica a túa resposta.

\* Segundo o teu parecer, que tipo de alimentos formarían parte dunha dieta saudable? Razona a túa resposta.


• Podes consultar distintas fontes de información para responder: revistas de saúde, especialistas en alimentación, Internet...

**17.** Ben fálalle a Éric da importancia de aprender a defenderse e faille unha comparación cos animais africanos que aparecen nos documentais.

\* En grupos de 4-5 alumnos teredes que preparar un PowerPoint, como resumo, sobre un animal do continente africano e as súas características.

\* Posteriormente realizarase a posta en común das presentacións.

**18.** Agora toca relaxarse unha miga decorando este mandala inspirado nun ornitorrinco, animal ao que fai referencia Ben nun momento da trama. Intenta facelo en silencio e concentrado.



**19.** Tendo en conta a totalidade da novela, comenta:

\* Con que personaxe te identificas máis? Por que?

\* Dá unha razón para ler este libro.

\* Dá unha razón para non lelo.

**20.** Para finalizar, imaxina que tes a posibilidade de estar cara a cara con Care Santos. Fai unha listaxe do que che gustaría comentarlle ou preguntarlle sobre o libro que liches.